



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOURO

Áreas de goberno e concellerías delegadas

ANUNCIO

"EXPEDIENTE 2025/g003/000332. Áreas de goberno e concellerías delegadas.

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal.

12.08.2025 Elección de Alcalde

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Tras a elección de alcalde o día 12 de agosto de 2025, procede, conforme o establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro de 1986, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, procede fixar estrutura da Administración municipal.

As Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellarías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. A administración do Concello de Touro, baixo a superior dirección do alcalde, estrutúrase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

- Área de Goberno de Servizos Sociais, Muller e Igualdade
- Área de Goberno de Obras
- Área de Goberno de Cultura, Deportes e Turismo
- Área de Goberno de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local
- Área de Medio Ambiente, Patrimonio e Camiño de Santiago.

SEGUNDO. Sen prexuízo da superior dirección política da Alcaldía, o goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Touro corresponden ás áreas establecidas coas competencias que de seguido se relacionan, nos termos que se determinan na resolución de delegación de atribucións do alcalde:

- REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO. 1ª Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Muller e Igualdade.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Servizos Sociais.

- ALFREDO SOUTO CASTELO. 2º Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Obras.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Obras.

- ISOLINA SUÁREZ MILLÁN. 3ª Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Cultura, Deportes e Turismo.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Cultura, Deportes e Turismo.

- MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO concelleira delegada da Área de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local.

- DARÍO REY SUÁREZ, concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Patrimonio e Camiño de Santiago.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de medio ambiente, patrimonio e Camiño de Santiago.

TERCEIRO. As competencias das persoas concelleiras delegadas nas súas áreas de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación e coordinación das áreas administrativas nas que desenvolvan as súas funcións no ámbito material

da competencia delegada, incluída a facultade de formular propostas de resolución ou acordo, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

CUARTO. As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as delegados na súa área de goberno e en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, a Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

QUINTO. Estas delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación.

SEXTA. Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SÉTIMA. Notificar a este decreto a todos/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

OITAVA. Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

NOVENA. Este acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMA. Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González

José López González, secretario-interventor"

Touro, 3 de setembro de 2025

O alcalde-presidente, Jesús José Reboredo González

2025/5768